



**RESOLUCIÓN DO 10 DE MARZO DE 2026 DA XERENCIA DA AREA SANITARIA DE VIGO
POLA QUE SE DITAN INSTRUCCIÓN SOBRE O RÉXIME DE VACACIÓNS E PERMISOS 2026
PARA O PERSOAL DO ÁMBITO DA ÁREA SANITARIA.**

A presente Resolución é de aplicación ao:

Persoal estatutario, funcionario e persoal residente en formación que presta servizos na Área Sanitaria de Vigo.

Ten o seu baseamento nas Instrucións recibidas da Dirección Xeral de Recursos Humanos, no Acordo de Concertación Social 2001, Instrucións da Dirección Xeral de Función Pública así como demais normativa de aplicación. Estas Instrucións veñen a reproducir as ditadas no ano 2025, coas modificacións necesarias para adaptar as datas de Nadal.

De conformidade aos cambios normativos en materia de vacacións e permisos, a situación de referencia dos últimos anos nos que se rexistraron dificultades de dispoñibilidade de profesionais nas listas de selección temporal de Médicas/os de Familia e Facultativas/os especialistas de Atención Primaria en centros de saúde e en postos de PAC, Médicas/os de Urgencias, Pediatras de atención primaria, Matróns/as, Fisioterapeutas, Técnicos/as en coidados auxiliares de enfermería e Enfermeiras/os de atención primaria e de atención hospitalaria, así como facultativo/as especialista de área de especialidades sen dispoñibilidade en períodos de concorrencia de permisos, como son o período de Nadal, a Semana Santa, o verán e as pontes; e tendo en conta as dificultades de organización asistencial dos permisos e vacacións nas datas de maior pico de actividade asistencial e a súa importante incidencia na planificación da actividade dos servizos e dos descansos, cómpre ditar novas instrucións aplicables para o goce das vacacións 2026, coa finalidade de acadar unha maior programación asistencial e xestión das ausencias.

Así, esta Xerencia, en exercicio das facultades atribuídas no Decreto 137/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 208, do 31 de outubro) polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde, na Orde do 22 de abril de 2020 (DOG núm. 82, do 29 de abril), sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, e no Decreto 134/2019, do 10 de outubro (DOG núm. 204, do 25 de outubro), polo que se regulan as áreas sanitarias e os distritos sanitarios do Sistema público de saúde de Galicia,



RESOLVE:

Ditar as presentes instrucións en materia de vacacións e permisos aplicables a todo o persoal estatutario, funcionario, laboral e persoal residente da Area Sanitaria de Vigo.

1. Regras xerais :

1.1 Solicitudes de vacacións e permisos

As solicitudes de vacacións e permisos deberán enviarse á dirección correspondente para a súa autorización debidamente asinadas polo/a interesado/a e polo/a xefe/a de servizo/unidade e ou supervisor/a ou coordinador/a de enfermería, segundo corresponda. As solicitudes de vacacións e permisos de xefes/as, coordinadores/as e mandos serán autorizados pola dirección competente.

Co obxecto de compatibilizar o réxime de xornada e o desfrute de vacacións vixentes coa equivalencia do aproveitamento destas na modalidade de 22 días hábiles, as solicitudes de vacacións se indicarán en todo caso de data a data, se ben, cando se queiran desfrutar na modalidade de días hábiles, estes se computarán de luns a venres (agás festivos) dentro do período solicitado para o persoal incluído no ámbito do ACS. En coherencia e complementariamente a tal consideración, cómpre subliñar que os períodos (continuados ou fraccionados) e/ou modalidades (en días naturais ou en días hábiles) de desfrute das vacacións anuais non poden conlevar por se mesmas unha alteración, por exceso ou por defecto, do número de horas de xornada anual a realizar. Esta previsión, que pode requirir os axustes precisos de quendas para garantir o cumprimento da xornada anual de cada profesional, ten un impacto singular no persoal con réxime de quendas ou con distribución irregular da xornada anual amparados pola normativa derivada do ACS, dos MUH e dos PAC.

1.2 Prazos de solicitude

Os prazos de solicitude serán os indicados nesta Resolución. Entenderanse denegadas as solicitudes de días de libre disposición (LD) presentados cunha antelación de 30 ou máis días á data do permiso solicitado, sendo o prazo mínimo de 15 días de antelación. No período de Nadal, as solicitudes de días de LD terán os seguintes prazos: antes do 15 de outubro para as categorías sen dispoñibilidade e con anterioridade ao 15 de novembro para as outras categorías.



1.3 Períodos de aproveitamento e calendarios de vacacións

Adoptase como período ordinario de vacacións os meses de xuño a setembro, sen prexuízo de se cambian as necesidades organizativas, este período pode ser mudado. Co fin de evitar o uso innecesario de papel e facilitar a xestión, tanto en atención primaria como en atención hospitalaria, o documento onde consta o calendario de vacacións da unidade deberá ser asinado por cada un/unha dos/as traballadores/as na casilla correspondente, e unha vez autorizada pola dirección, terá os efectos equivalentes aos do modelo individualizado de solicitude/autorización de vacacións. Desta forma evítanse as solicitudes no modelo habitual de solicitude que xa non deberán tramitarse en soporte papel, ao estar incluídas no calendario de vacacións.

O orixinal do calendario, asinado polos/as traballadores/as e autorizado pola dirección correspondente, será remitido á Dirección de Recursos Humanos, e unha copia será devolta ás unidades para que o persoal teña constancia da autorización do mesmo, considerándose consolidado polo tanto como concedido, fronte ás peticións posteriores doutros permisos de traballadores/as.

Todos os períodos que consten nos calendarios autorizados serán os que se mecanicen no aplicativo de persoal. Naqueles servizos nos que se traballe coas ferramentas informáticas FIDES/XESAC, serán os/as profesionais os/as que nese momento deberán mecanizalos-para a súa posterior consolidación.

Calquera cambio posterior sobre as datas de vacacións solicitadas e autorizadas no calendario, deberá tramitarse no modelo habitual de solicitude e autorización. O prazo mínimo será de 2 meses de antelación para os períodos de cambio que afecten ao verán e nadal en categorías sen dispoñibilidade e mínimo 1 mes de antelación de afectar o cambio a outros períodos ou a categorías non deficitarias.

As solicitudes para fóra do período ordinario e non incluídas nos calendarios, deberán tramitarse no modelo habitual de solicitude e autorización.

1.4 Organización das ausencias nos Servizos/Unidades

Como regra xeral (ver excepción do parágrafo seguinte), non se poderá ausentar por vacacións durante o mesmo período máis do 33% do persoal por categoría profesional,



servizo ou unidade de atención hospitalaria, agrupación de PAC ou unidade/servizo de atención primaria, agás que en cada unidade/servizo se chegue a un acordo que permita outro desfrute, e sexa autorizado.

Nas categorías deficitarias citadas na exposición, os calendarios de vacacións de cada categoría/unidade terán que realizarse de tal xeito que garantan que o 25% do persoal estable aproveite as vacacións en cada mes do período ordinario de xuño a setembro. Trátase de facilitar a substitución de persoal con déficit nas listas de selección temporal mediante o maior número de bloques de vacacións de 4 meses.

1.5. Condicións de desfrute

O persoal terá dereito, por ano completo de servizos, a gozar dunhas vacacións anuais retribuídas dun mes natural de duración, equivalente a vinte e dous días hábiles, nos termos do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, que aproba o *Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público*, ou dos días que correspondan proporcionalmente en función do tempo de servizo efectivo.

A fórmula que se empregue para o goce das vacacións de cada profesional non lle pode carrexar incremento ou redución ningunha respecto ao período de vacacións anuais recoñecido legalmente, isto é, o consistente nun mes ou 22 días hábiles (ou dos días que correspondan proporcionalmente, se o tempo de servizo durante o ano fose menor).

Criterio de proporcionalidade: nos supostos de que a prestación de servizos sexa inferior ao ano natural correspondente, o tempo de desfrute das vacacións será proporcional á razón de 2,5 días naturais ou 1,83 días hábiles por mes de servizo, redondeándose por exceso a fracción que se puidese producir, agás no suposto de xubilación, no que se lle recoñecerá ao/á profesional estatutario o mes completo (ou 22 días hábiles, máis os días de vacacións adicionais que en cada caso lle correspondan).

Como norma xeral, ao persoal eventual con previsión de servizos prestados inferiores a 6 meses, se lle procederá á compensación económica das vacacións xeradas ao remate do vínculo, agás petición expresa de desfrute proporcional das mesmas. Co fin de garantir o descanso necesario e a protección da saúde dos/as profesionais procurárase o desfrute dun mínimo de 7 días naturais de vacacións por prestación de 3 meses, agás para o persoal eventual con vínculos temporais motivados por substitución de vacacións.



2. Forma de aproveitamento de vacacións, días de libre disposición, permisos sen soldo e outros.

Co fin de organizar os servizos asistenciais e programar as coberturas necesarias requírese necesariamente unha programación previa para unha maior ordenación dos recursos.

2. 1. Vacacións:

No caso de que os/as traballadores/as dunha unidade na que ningún/ha deles/as teña preferencia na elección e soliciten o mesmo período vacacional, de non haber acordo, o criterio para resolver a preferencia inicial será pola orde de maior a menor antigüidade como persoal fixo na Área Sanitaria Vigo, debendo establecerse para os anos seguintes un ciclo rotativo entre todos/as traballadores/as da unidade afectada.

Período ordinario: de xuño a setembro

Con carácter xeral considerase o período ordinario os meses de xuño a setembro, ambos incluídos e, agás propostas alternativas de xestión global do período de vacacións por categorías (de existir acordo entre os/as traballadores/as da unidade/centro formalizado coas direccións correspondentes vinculado a criterios de substitución), debendo solicitarse as vacacións:

- Por mes natural (do día 1 ao último día do mes)
- Por quincenas naturais (do 1 ao 15 ou do 16 ao último día do mes)

Con carácter excepcional, nos supostos en que non sexa precisa substitución do/a profesional, poderán solicitarse igualmente vacacións por unha semana natural (de luns a domingo).

Con carácter xeral (agás a excepción prevista no apartado 2.2), non poderán acumularse os días de libre disposición, días adicionais de vacacións e días de libre disposición por antigüidade co desfrute de vacacións no período ordinario xullo e agosto (enténdese como acumulación dos permisos cando non haxa incorporación do profesional ao seu posto de traballo). Co fin de favorecer o desfrute de vacacións no mes de xuño e setembro, permitiranse unir os días de vacacións adicionais e LD adicionais nese período de vacacións,



sen que isto inclúa días do período ordinario de xullo e agosto .

Período non ordinario: de xaneiro a maio e de outubro a decembro

Fóra do período ordinario, como regra xeral as vacacións poderanse desfrutar de xeito ininterrompido ou ben de xeito fraccionado:

- Por meses naturais ou período de 30 días naturais.
- Por quincena natural ou períodos de 15 días naturais.
- Por semana natural ou períodos de 7 días naturais.

Dadas as dificultades de cobertura e por mor da organización asistencial no mes de decembro, as vacacións deberán desfrutarse con anterioridade ao 15 de decembro (inclusive) nas categorías de Médicas/os de Familia e Facultativas/os especialistas de Atención Primaria en centros de saúde e en postos de PAC, Médicas/os de Urgencias, Pediatras de atención primaria, Matróns/as, Fisioterapeutas, Técnicos/as en coidados auxiliares de enfermería e Enfermeiras/os de atención primaria e de atención hospitalaria, así como facultativo/as especialista de área de especialidades, sen dispoñibilidade. En todo caso, os Técnicos/as en coidados auxiliares de enfermería, poderán aproveitar as vacacións ata o 31 de decembro, sempre que o teñan solicitado e autorizado no calendario de vacacións da Unidade/Servizo correspondente. As restantes categorías profesionais poderán desfrutar as súas vacacións ata o 31 de decembro, agás que pola falta de persoal dalgunha outra categoría poida acordarse outra data anterior.

Vacacións fóra do período ordinario: nos períodos nos que concorran diversas solicitudes de permisos (permisos e vacacións) na mesma Unidade/Servizo, a autorización estará supeditada á presenza do 50% do persoal estable na unidade co fin de garantir o mantemento da calidade asistencial.

Periodo de Nadal

No período do Nadal o desfrute máximo de permisos será de 4 días nunha semana, no período do 21 ao 27 de decembro, do 28 de decembro ao 3 de xaneiro de 2027 e do 4 ao 10 de xaneiro de 2027, para permitir equilibrar o desfrute de días sinalados entre o persoal das



unidades, agás que en cada unidade/servizo se chegue a un acordo que permita outro desfrute e sexa autorizado

Aproveitamento fóra do ano natural:

Aproveitamento fóra do ano natural: Cando as situacións de permiso de maternidade, paternidade, incapacidade temporal, risco durante a lactación ou risco durante o embarazo impidan iniciar o goce das vacacións dentro do ano natural ao que correspondan, ou unha vez iniciado o período vacacional sobreviñese unha das devanditas situacións, o período vacacional poderase gozar aínda que rematase o ano natural ao que correspondan e sempre que non transcorresen máis de dezoito meses a partir do final do ano no que se orixinaron. Con carácter xeral, e sempre supeditado a necesidades organizativas, as vacacións deberán gozarse de forma ininterrompida a partir da situación de alta.

2.2 Vacacións adicionais:

Dada a súa natureza de vacacións deberán desfrutarse os días de xeito conxunto.

As/os Médicas/os de Familia e Facultativas/os especialistas de Atención Primaria en centros de saúde e en postos de PAC, Médicas/os de Urxencias, Pediatras de atención primaria, Matró/as, Fisioterapeutas, Técnicos/as en coidados auxiliares de enfermería e Enfermeiras/os de atención primaria e de atención hospitalaria, así como facultativo/as especialista de área de especialidades sen dispoñibilidade, poderán desfrutalos fóra dos meses de xullo e agosto e con anterioridade ao 15 de decembro.

O resto de persoal poderán desfrutalos con anterioridade ao 31 de decembro, agás que pola previsión de falta de persoal dalgunha categoría se acorde outra data anterior.

O persoal de categorías que non resulten obxecto de substitución de vacacións por bloques, como por exemplo o persoal facultativo especialista de área, de desfrutar as vacacións fraccionadas, deberán gozar dos días adicionais de vacacións a continuación dun período fraccionado co fin de facilitar a organización asistencial.

2.3 Días de libre disposición (ordinarios e adicionais)

Os días de libre disposición, tanto os xerais como os adicionais por antigüidade, poderán aproveitarse, con carácter xeral e sempre supeditado ás necesidades do servizo, ata o 15 de xaneiro do ano seguinte ao de devengo, ampliable o período de goce ata o 31 de marzo



seguinte, sempre que as necesidades asistenciais e organizativas o permitan, e así o acorde a Mesa Sectorial de Sanidade.

Procurarase o goce dos días de libre disposición nun 50% no primeiro semestre do ano e un 50% no segundo semestre do ano. A estes efectos infórmase que previsiblemente o persoal das categorías sen dispoñibilidade terán condicionado o desfrute de días de libre disposición, días adicionais e permisos sen soldo, no período do Nadal.

2.4 Permisos sen soldo e outros

Como regra xeral, non se autorizarán permisos sen soldo e reducións de xornada por interese particular en Médicas/os de Familia e Facultativas/os especialistas de Atención Primaria en centros de saúde e en postos de PAC, Médicas/os de Urgencias, Pediatras de atención primaria, Matróns/as, Fisioterapeutas e Enfermeiras/os de atención primaria e de atención hospitalaria, así como facultativo/as especialista de área de especialidades sen dispoñibilidade, nos períodos de verán e nas datas sinaladas do Nadal ou concorrentes con picos de actividade cando poida constatarase a falta de persoal destas categorías para a súa cobertura.

Tampouco se autorizarán nas datas de Nadal permisos de formación (agás ACIS) ou asistencia a congresos e similares de interese particular por non poder garantir a cobertura e por coincidir en datas de alta actividade asistencial e ausencias .

No suposto de permisos sen soldo ou situacións asimiladas de dedución de haberes, reducirase 2,5 días naturais ou 1,83 días hábiles por cada mes sen soldo ou parte proporcional correspondente.

3. Concorrenza de solicitudes de permisos

3.1 Concorrenza de vacacións e permisos:

Para garantir a continuidade asistencial e unha correcta prestación do servizo público e protección da saúde, como regra xeral nos períodos nos que concorren diversas solicitudes de permisos e vacacións na mesma Unidade/Servizo, a autorización estará supeditada a



presenza do 50% do persoal estable de cada categoría na unidade no período co fin de garantir o mantemento da calidade asistencial e polo tanto evitar o 100% de persoal novo.

En categorías de facultativos especialistas de área a porcentaxe de presenzas poderá incrementarse tendo en conta o pico de actividade e o persoal dispoñible.

Nos supostos de concorrencia de solicitudes de vacacións e días de libre disposición nos meses de decembro 2026 / xaneiro 2027, remitiranse tamén os correspondentes calendarios debidamente cumprimentados polos/as responsables dos centros/servizos/unidades.

3.2 Concorrencia de días de libre disposición (ordinarios e adicionais) e outros permisos programables:

Como regra xeral, o prazo mínimo para presentar solicitudes será de 15 días de antelación. Se ben, dada a concorrencia habitual de solicitudes, así como o incremento de actividade e a insuficiencia de persoal para vinculación temporal, os días a desfrutar dende o 1 de decembro de 2026 ao 15 de xaneiro de 2027, deberán ser solicitados, con carácter xeral, antes do 15 de outubro nas categorías sen dispoñibilidade e antes do 15 novembro para as demais categorías, co obxecto de organizar a súa cobertura. O prazo de resolución para ditas solicitudes será o establecido, con carácter xeral, no ACS, a contar dende o día seguinte á finalización do prazo indicado neste parágrafo.

3.3 Concorrencia de permisos no Período de Nadal:

Durante o período do Nadal o desfrute máximo de permisos será de 4 días nunha semana, no período do 21 ao 27 de decembro, do 28 de decembro ao 3 de xaneiro de 2027 e do 4 ao 10 de xaneiro de 2027, para permitir equilibrar o desfrute de días sinalados entre o persoal das unidades. Este desfrute será de aplicación ao persoal incluído no ACS, agás que en cada unidade se chegue a un acordo que permita outro desfrute, e sexa autorizado.

O persoal médico de urxencias hospitalarias e persoal médico e de enfermería de urxencias extrahospitalarias poderán desfrutar nesas datas un número máximo de 41 horas de forma que unha mesma persoa desfrute polo menos de 1 permiso nos días especiais. Os permisos reflectidos nos calendarios non poderán ser obxecto de cambio ou anulación, agás motivos urxentes e convenientemente xustificados.



4. Elección do período de vacacións

4.1 As quendas de vacacións distribuiranse de acordo co criterio de rotación para os 4 meses do período ordinario, en función dos acordos adoptados polo persoal de cada unha das unidades ou servizos, sempre que se manteña a plena capacidade funcional delas e non se incumpra o establecido na presente norma. No suposto de non acadalo acordo, se aplicarán os criterios previstos nos puntos 2.1 e 4.2 e seguintes.

4.2 Recoñécese o dereito de elección do período de vacacións a favor das mulleres xestantes.

4.3 Nos termos indicados nos apartados seguintes, recoñécese o dereito de preferencia de elección de mulleres e homes con fillas e fillos menores de doce anos ou persoas maiores dependentes ao seu coidado directo, tendo prioridade as persoas que reúnan a condición de persoa proxenitora de familia numerosa dentro deste grupo. Para estes efectos a dependencia e a preferencia acreditarase co:

- Certificado de empadramento que acredite a convivencia co familiar
- Documento oficial que acredite a necesidade de asistencia do familiar: certificado médico ou informe de saúde, certificado expedido pola consellería competente en materia de política social ou, no seu defecto, informe social dos servizos sociais comunitarios municipais.
- Documento que xustifique a necesidade do exercicio de preferencia no período ordinario de vacacións.

4.4 Nas quendas de vacacións, os/as traballadores/as que teñan as mencionadas responsabilidades familiares terán preferencia para que polo menos 15 días das súas vacacións coincidan coas vacacións escolares (no caso de menores) ou con outras circunstancias acreditadas no caso de maiores. Dentro de cada situación resolverase a preferencia dentro da categoría, a favor de quen teña maior antigüidade como persoal fixo na Área Sanitaria de Vigo. A preferencia a favor dos/das traballadores/as con estas responsabilidades familiares non implica a elección dunha quenda determinada senón unicamente que 15 días das súas vacacións se desfruten dentro dos límites do período de vacacións escolares.



Respectando este requisito, a elección da quenda concreta dentro de dito período resolverase cunha porcentaxe de reserva en cada quenda de vacacións, unha vez determinado o número de persoal que pode ausentarse por quincena no período vacacional. Así, por exemplo, se nunha Unidade/Servizo hai un 20% do persoal con preferencia, do 100% do persoal de cadro, reservarase esa mesma porcentaxe (20%) en cada quenda vacacional para o exercicio desa preferencia. As quendas restantes entrarán na elección do resto de persoal sen cargas familiares e pola orde de maior antigüidade como persoal fixo na Área Sanitaria de Vigo, de non haber acordo.

No caso de configurarse o calendario con este sistema, dará lugar a iniciar un ciclo rotativo entre todos/as os/as traballadores/as da unidade afectada nos anos sucesivos.

4.5 No suposto de producirse novas incorporacións á unidade, incorporaranse a unha quenda de vacantes de vacacións de acordo coas necesidades do servizo. No suposto de non existir quenda de vacantes, os/as incorporados/as á unidade establecerán a quenda de vacacións por sorteo entre eles/as, ou se o incremento se refire a un/unha só/soa profesional, mediante solicitude individual. Cando o/a profesional fose trasladado forzosamente despois do 31 de marzo, respectáraselle a súa quenda de vacacións, adecuándose a rotación ao ano seguinte.

5. Consideracións a ter en conta:

O Estatuto Básico do Empregado Público (en diante EBEP) para os efectos das vacacións, considera inhábiles os sábados, pero exceptúa da tal consideración ao persoal rexido por horarios especiais respecto dos que estean determinadas as súas adaptacións. Neste sentido, cómpre advertir que a distribución ordinaria da xornada no eido da Administración pública véñse realizando de luns a venres de acordo co horario máis común de funcionamento dos servizos.

O persoal suxeito ao Acordo de Concertación Social do ano 2001 (ACS, no sucesivo) ten especificamente desenvolvido un réxime de xornada especial, referida en termos de cómputo anual e de xornada anual efectiva, diferenciando os distintos réximes ou quendas de prestación (fixa, rotatoria simple ou complexa); mais en todos os supostos contéplase a realización dun determinado número de módulos. Para o cálculo deste número de módulos tívoise en conta o dereito ao aproveitamento de 30 días de vacacións, nove días de



libre disposición (seis na actualidade) e o número de libranzas correspondentes ao recoñecemento de domingos e 14 festivos e libranzas de noite, de ser o caso. Polo que a introdución da referencia a días hábiles na regulación do dereito ás vacacións dos empregados públicos non altera o réxime de xornada anual xa que na determinación do seu cómputo xa ten en conta o citado paradigma. Xa que logo, será a realización efectiva do número de horas de xornada a que acoute o aproveitamento dos descansos regulamentarios do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde. A estes efectos, similar consideración cómpre facer respecto do persoal rexido pola normativa derivada do Acordo de Médicos de Urgencias Hospitalarias, (MUH) (cada día de vacacións, LD, permisos e días adicionais equivale a 7 horas) e o Acordo de Persoal de Urgencias Extrahospitalarias.

Nos termos da Lei 2/2015 de 29 de abril de Emprego de Galicia e con base na disposición adicional decimo cuarta do EBEP, no suposto de ter completado os anos de antigüidade na Administración que se indican, o persoal estatutario terá dereito ao goce dos seguintes días de vacacións anuais:

- Quince anos de servizo: vinte e tres días hábiles (un día máis que os 22 de xeral aplicación para todos os empregados públicos).
- Vinte anos de servizo: vinte e catro días hábiles (dous días máis).
- Vinte cinco anos de servizo: vinte e cinco días hábiles (tres máis).
- Trinta ou máis anos de servizo: vinte e seis días hábiles (catro máis)

Como vén de expoñerse, nestes casos o incremento do número de días de vacacións por riba dos 22 establecidos con carácter xeral no EBEP suporán a correlativa diminución da xornada anual efectiva dos/das profesionais afectados/as, a razón de 7 horas anuais por cada día adicional de vacacións e LD adicionais. Aplicable aos acordos de xornada de concertación social, Médicos de Urgencias e Persoal de Urgencias Extrahospitalarias.

6. Calendarios de vacacións

6.1 Elaboración dos Calendarios de vacacións:

As propostas de calendario de vacacións deben recoller as previsións de vacacións de todo o persoal (incluído o persoal temporal con vínculo igual ou superior a 6 meses) tanto en



período ordinario como, de selo caso, dos meses de período non ordinario co fin de facilitar a programación asistencial.

A autorización de vacacións para o persoal facultativo especialista de área virá condicionada a ter garantías de prestación mínima por unidade asistencial segundo se acorde coa dirección correspondente e os/as responsables dos servizos. Así, cada servizo acordará coa Dirección de procesos asistenciais a actividade mínima no período ordinario e no período de verán, Nadal, Semana Santa e pontes.

6.2 Calendario de vacacións do período ordinario.

As propostas de calendario vacacional serán remitidas polos/as responsables dos servizos/unidades e centros de atención primaria antes do 31 marzo ás direccións correspondentes. No mes de marzo negociarase a garantía de prestación asistencial por unidade no período de vacacións.

Subliñase a importancia do envío dos devanditos calendarios debidamente cumprimentados.

6.3 Calendario de vacacións de fóra do período ordinario

Poderá indicar o período de desfrute antes do 31 de marzo, para facilitar a organización, sen prexuízo de que de non facelo deberán solicitarse de forma individual cunha antelación mínima de 2 meses á data inicial proposta nas categorías deficitarias e cunha antelación mínima de 1 mes nas demais categorías.

De ter solicitado o desfrute no mes de decembro e unha vez autorizado, non será necesario a súa solicitude individual, excepto que se trate dunha mera previsión en cuxo caso deberá indicarse e solicitarse antes do 15 de outubro de 2026, nas categorías deficitarias, resolvéndose ditas solicitudes no prazo establecido con carácter xeral no ACS, a contar dende o día seguinte á finalización do prazo indicado neste parágrafo.

A solicitude individual fóra do período ordinario deberá ser autorizada expresamente pola dirección que corresponda tendo en conta para a súa denegación a situación asistencial da unidade de orixe fundamentalmente nas unidades de maior presión asistencial no Nadal.

Nos supostos excepcionais de cambio de vacacións por parte do/a traballador/a debe tramitarse con escrito expreso dirixido á dirección cun prazo mínimo de 1 mes de antelación á data asignada inicialmente autorizado pola dirección correspondente.



6.4 Resolución calendario de vacacións

Recibida na Dirección correspondente a programación de vacacións a día 31 de marzo de 2026, tratarase cos servizos a garantía de prestación e se responderá ás unidades antes do 30 de abril de 2026. A resolución denegatoria debe motivar as causas concretas nas que se fundamenta a denegación.

Neste suposto, o novo calendario de vacacións será establecido seguindo o procedemento previsto no Acordo de Concertación Social 2001. No suposto de non acadarse o acordo a que fai referencia, o calendario será establecido pola dirección correspondente.

A resolución pola que se establece o novo calendario será notificada ás unidades afectadas antes do 10 de maio.

No suposto de non ditarse resolución expresa entenderase aceptado o calendario proposto.

Nos supostos de non recibirse a proposta no prazo indicado, a dirección actuará de acordo co previsto no Acordo de Concertación social, notificando o calendario á unidade afectada antes do 30 de abril. No caso de non acadarse acordo na unidade o calendario establecerao a respectiva dirección.

6.5 Procedemento e información:

1. O calendario asinado polo persoal se remitirá por cada mando ás direccións correspondentes.
2. As condicións de desfrute informaranse ao persoal.
3. Corresponde a autorización das vacacións aos seguintes órganos e responsables:
 - A Dirección Asistencial e Dirección de Enfermaría: autorizará calendarios de persoal sanitario facultativo e non facultativo, respectivamente.
 - A Dirección de Recursos Humanos: autorizará calendarios de persoal de xestión e servizos do seu ámbito de actuación e de atención primaria.
 - A Dirección de Recursos Económicos: autorizará calendarios de persoal de xestión e servizos do seu ámbito de actuación.
 - A Coordinación de Admisión: autorizará os calendarios de persoal do seu ámbito de actuación.



- A Subdirección de Humanización e Atención á Cidadanía e a Subdirección de Sistemas e Tecnoloxías da Información: autorizará as vacacións do persoal no seu ámbito de actuación
- A Xerencia autorizará as vacacións do resto do persoal non comprendido nos apartados anteriores.

7. Persoal Residente en formación:

O persoal residente en formación, dado que as súas rotacións son habitualmente de 1 mes, poderá desfrutar as vacacións durante o ano por períodos semanais. Cando resten días soltos deberán desfrutarse de xeito continuado.

8. Axuste liquidación xornada:

Como regra xeral a xornada anual dos/as traballadores/as deberá estar axustada a 31 de decembro do ano de que se trate; no caso de non ser posible nesa data, deberá ser axustada o antes posible e coa data límite do 31 de xaneiro do ano seguinte.

9. Efectos:

Estas instrucións deixan sen efecto as Instrucións ditadas o 3 de marzo de 2025.

Vigo, 10 de marzo de 2026

O xerente da Área Sanitaria de Vigo



Francisco Javier Puente Prieto

DILIXENCIA:

Para facer constar que con esta data procédese á publicación da presente Resolución.

Vigo, 11 de marzo de 2026

A directora de Recursos Humanos

Mª Belén Baltar Trabazo

María Cobas Brey

Mª BELÉN BALTAR TRABAZO
SUBDIRECTORA DE RECURSOS HUMANOS

